

PACIENTE PORTADOR DE CATÉTER VENOSO CENTRAL DE INSERCIÓN PERIFÉRICA (PICC)



É vostede portador dun Catéter Venoso Central de Inserción Periférica (en inglés PICC), que é un catéter inserido nunha vea periférica (xeralmente do antebrazo) e introducido ata que a punta se sitúa preto do corazón. Cos cuidados adecuados pode durar desde varias semanas ata un ano ou máis.

O principal risco é a infección do catéter. Debe tentar manter a zona seca e limpa.

As curas faranse baixo unha asepsia estrita pola súa enfermeira/o, segundo a frecuencia que lle pauten. Acuda antes se o apósito se despega, está manchado ou húmido.

Para manter o catéter permeable, é necesario facer o lavado da liña/s ou heparinización cada 7 días, coincidindo coa realización da cura.

Mostre este folleto ao persoal sanitario que lle atende.



RECORDE

- Recoméndase NON utilizar apósitos de gasa con adhesivo directamente nas luces do catéter.
 - Debe manter unha hixiene diaria correcta. Para iso é necesario cubrir o catéter con algo impermeable.
 - Non debe mergullar o brazo en auga: non poderá bañarse no mar nin na piscina.
 - Non debe realizar exercicios bruscos nin coller peso con ese brazo.
 - Non debe realizar tarefas en lugares sucios: horto, cuadras, traballos de albanería,...
 - Utilice roupa folgada que non dificulte o movemento do brazo nin exerza presión sobre o mesmo.
 - Examine periodicamente o lugar de inserción buscando signos como dor e/ou calor na zona e consulte sempre no caso de que aparezan:
 - Temperatura maior ou igual a 38° C, con ou sen calafríos.
 - Exsudado ao redor do punto de entrada do catéter.
 - Gretas ou “fugas” na liña.
 - Dor, enrubiamento ou inflamación no brazo onde está situado o catéter ou no pescozo.
 - En caso de saída do catéter ao exterior na súa totalidade premer o brazo cunha gasa limpa ata que cese o sangrado, se a saída é parcial acudir rapidamente ao centro pertinente.